

## **EXPEDICIÓN DE CULTURMAR AO I FESTIVAL MARÍTIMO DE PASAIA**

### **GALICIA: UN PATRIMONIO A DESCUBRIR, UN PATRIMONIO A SALVAGARDAR.**

Como sabedes, Galicia, a través de CULTURMAR, é convidada de honra no **I FESTIVAL MARÍTIMO DE PASAIA**, evento que se vai desenvolver entre os días **17 e 21 de maio** e no que os compañeiros da Asociación Albaola levan o peso organizativo.

Depois de aprobarmos na última asemblea aceptar o convite e a nosa participación no Festival, cómpre agora organizar os contidos da mostra do patrimonio marítimo-fluvial a expoñer no Festival así como organizar o transporte e a viaxe da expedición, tendo en conta que ao non estar pechados todos os pormenores o plan que a seguir se expón pode sufrir modificacións.

As **asociacións que esteades interesadas en participar** no Festival tendes que **enviar a ficha de inscrición** que atoparedes no documento adxunto a este mesmo correo ([secretaria@culturmar.org](mailto:secretaria@culturmar.org)) sendo o **prazo límite de recepción de solicitudes o mércores 14 de febreiro as 12:00 da noite**.

### **CUESTIÓNS BÁSICAS :**

Conforme o convenio asinado cos organizadores do Festival, CULTURMAR comprométese a achegar:

**1. EN TERRA:** unha ampla mostra do noso patrimonio que abrangue seis actividades distintas: talleres demostrativos, talleres participativos, mostras e exposicións, punto de información cultural, punto de gastronomía e unha agrupación musical.

**A atención da maioría destas actividades correrá a cargo dos membros da expedición, de maneira que se organizarán quendas para tal fin.**

**2. A FLOTE:** Entre **10 e 15 embarcacións** (10 é o mínimo expresado no convenio, 15 son os amarres reservados).

- O número de tripulantes por embarcación serán dous, tres ou excepcionalmente catro, en función de eslora.
- Os barcos que vaian ser trasladados en camión non poden superar 248 cm de manga.
- No caso de que non puidesen ir todos barcos que se inscriban, a Comisión Organizadora decidirá que barcos van participar en función de criterios xa empregados noutras ocasións, como a variedade de tipoloxías (esixida polo convenio) ou a implicación das asociacións no traballo do colectivo de CULTURMAR.

**3. O NÚMERO TOTAL DE EXPEDICIONARIOS** aos que a organización do Festival dará acollida, conforme o convenio, **será de 70 persoas**. Tendo en conta que esa será a suma total de tripulantes, algúns organizadores non asociados a embarcación e persoal específico das actividades en terra non pertencentes a CULTURMAR.

#### **POR CONTA DA ORGANIZACIÓN CORRE:**

- O **desprazamento** dos participantes na expedición galega, viaxando en furgoneta(s) e/ou autobús contratados por CULTURMAR.
- O **traslado das embarcacións**, sexa en camiións, sexa en remolques con vehículos das propias asociacións de CULTURMAR que prefiran esta forma para desprazar as súas embarcacións e tripulantes. A compensación económica para desprazamento da embarcación por conta propia será de entre 300 e 350€. Para facérmonos cargo deste pagamento será necesario que a cantidade de remolques signifique a eliminación de camiión.
- Os participantes da expedición que decidan viaxar nos seus vehículos, pero non leven embarcación de remolque, non teñen dereito a compensación económica polo desprazamento.
- As **embarcacións teñen que estar en Pasaia**, no mar, como mínimo dende o **xoves a mediodía, ata o domingo a mediodía**.
- O **aloxamento** será nun pavillón de deportes próximo á zona onde imos ter as embarcacións e a mostra en terra. Cada persoa ten que levar o seu saco, colchón, etc. Hai un número de prazas moi limitadas nun albergue comunitario que quedarían reservadas para casos moi concretos (doenza importante, idade avanzada...). Os membros da expedición galega que o desexen poden alugar, pola súa conta, o aloxamento.
- O lugar de **amarre** das embarcacións participantes na expedición oficial de CULTURMAR sera ao pé das actividades en terra.

A organización ten **previsto** que as **comidas e as ceas** sexan de forma similar ao noso Encontro: menús asumibles en custo, 5-6€, que corren por conta de cada participante. **De todos os xeitos, a manutención está pendente de confirmar cos organizadores do Festival.**

## PLAN DA VIAXE. SAÍDA DE GALICIA

Nota: perfilárase máis ao xeito cando se concreten barcos e persoas da expedición.

**CARGA DE EMBARCACIÓNS:** mércores 16 de maio ás 08 da mañá, nos puntos de carga que se determine máis adiante en función da procedencia dos barcos.

**SAÍDA DA FURGONETA:** mércores 16, ao acabar a carga, sairá unha furgoneta cun equipo de 9 persoas que se encargará da descarga dos camións en Pasaia. A furgoneta sairá de Vigo e irá cara a Santiago recollendo aos membros do equipo de descarga.

**SAÍDA DO AUTOBÚS:** mércores 16 de maio ás 15 horas cos outros membros da expedición. O autobús sairá de Vigo, rumbo a Cambados e Santiago, para recoller os expedicionarios.

**OUTRAS SAÍDAS:** os vehículos que trasladen embarcacións en remolques, organizarán as súas saídas en función das súas posibilidades, de acordo coa comisión organizadora e co programado para a nosa presenza no Festival.

## PLAN DA VIAXE. REGRESO DE PASAIA

**REGRESO DO AUTOBÚS DE PASAIA:** domingo 20 de maio ás 15 horas pasando polos mesmos punto da recollida que na ida.

**CARGA DAS EMBARCACIÓNS EN PASAIA:** luns 21 ás 08 horas. Ao remate sairá a furgoneta rumbo a Galicia co equipo de carga en Pasaia. Os membros deste equipo non teñen que ser os mesmos que descargaron en Pasaia.

Os equipos de descarga e carga en Pasaia configuraranse en función da dispoñibilidade de días que teñan os membros da expedición e da habilidade nas manobras de carga e descarga.

**DESCARGA DAS EMBARCACIÓNS EN GALICIA:** martes 22 de maio. Pode ser pola mañá ou pola tarde, en función do que nos diga o camioneiro.

Para ir amarrando cabos **PRECISAMOS SABER** que asociacións poden e están dispostas a participar, que barcos e tripulantes poden aportar, etc. Comunicádonolo a través da ficha que vai noutro documento adxunto a este mesmo correo.

CULTURMAR inscribirá oficialmente en bloque as embarcacións e os membros da expedición no Festival Marítimo

## A COMISIÓN ORGANIZADORA